
Programa de Desenvolvemento Estratéxico
Facultade de Ciencias do Mar

Período de validez do Programa: 2022-2026

Índice

Presentación.....	2
Participantes.....	3
Antecedentes.....	4
Diagnose da situación do centro e as titulacións	5
Misión, Visión e Liñas estratéxicas	8
Metodoloxía de elaboración e tramitación do programa	16

Presentación

Estimados colegas, colaboradores e comunidade académica.

É unha honra dirixirme a vostedes neste momento crucial para a nosa Facultade de Ciencias do Mar na Universidade de Vigo. Como Equipo Decanal, reafirmamos o noso compromiso irrevogable coa calidade, a excelencia e a mellora continua en todas as dimensións da nosa facultade e, en particular, na titulación de graduada/o en Ciencias do Mar.

Enfrontámonos a un momento determinante no que a estratexia que tracemos marcará o camiño cara ao futuro. É vital abordar esta estratexia de maneira participativa e colaborativa, considerando meticulosamente a contorna que nos rodea en Vigo, en Galicia, e os desafíos prominentes que enfrontamos no panorama do Crecemento Azul.

A nosa visión para a excelencia académica e científica complementase cun enfoque proactivo cara á implementación dun programa integral de calidade. Este programa, que constitúe a columna vertebral dos nosos esforzos, fundaméntase nunha estrutura xeral sólida que busca a optimización constante dos nosos recursos e procesos.

Nesta dirección, comprometémonos a impulsar iniciativas que fomenten a investigación innovadora, a colaboración interdisciplinaria e a formación dos estudantes como profesionais preparados para abordar os retos actuais e futuros do ámbito mariño.

A facultade eríxese como un eixo fundamental para o progreso da comunidade científica e profesional en Ciencias do Mar. O noso compromiso coa excelencia é absoluto, e estamos decididos a traballar con cada un de vostedes, xunto cos nosos socios externos, para facer desta estratexia unha realidade palpable e frutífera.

Agradecemos profundamente o seu apoio continuo e a súa dedicación á nosa comunidade educativa. Xuntos, podemos alcanzar metas extraordinarias e xerar un impacto significativo no Crecemento Azul, aproveitando plenamente o potencial da nosa facultade e a súa contorna.

Un cordial e afectuoso saúdo

Miguel Ángel Nombela Castaño

Participantes

Para a elaboración deste Programa de desenvolvemento estratéxico da Facultade de Ciencias do Mar, aprobouse en Xunta de Facultade con fecha 21 de decembro de 2022 (punto 3) que a Comisión máis axeitada para esta tarefa sería a Comisión de Garantía de Calidade da Facultade, xa que conta coa maior representatividade dos grupos de interese e que está composta polas seguintes persoas:

Decano: Miguel Ángel Nombela Castaño

Coordinador de Calidade: Óscar Nieto Palmeiro

Coordinadora de Grao: Irene Alejo Flores

Coordinadora de Mestrado: Eva Teira González

Enlace de Igualdade: Alicia Rodríguez Rodríguez

Coordinador do PAT/PIUNE: Ramiro Varela Benvenuto

Representante do PDI: Bernardino González Castro

Representante de Directores de Departamento: Manuel Martínez Piñeiro

Administradora de Centro: María Fariza Novoa

Representante do estudantado egresado: Estefanía Paredes Rosendo

Representante da sociedade: Jorge de los Bueis Mellado

Representante do estudantado de Grado: Bárbara Calvo Ríos

Representante do estudantado de Mestrado: Héctor Mesa Pérez

Representante de Delegación Alumnos: Pablo Martín Navarro

Antecedentes

Fito	Data
Certificación do deseño do SGIC	Xunta Facultade de 20 de decembro de 2007
Aprobación do SIGC da Facultade de Ciencias do Mar por la ACSUG	26 abril 2010
Modificación e mellora do SIGC	2013
Verificación plan estudos Mestrado en Oceanografía pola UCA, ULPGC e UVigo. Implantación no curso 2015-16.	23 xuño 2015
Acreditación da titulación de Mestrado Universitario en Oceanografía mediante acreditación institucional da sede coordinadora (ULPGC)	19 xullo 2018
Acreditación da Titulación de Grao en Ciencias do Mar pola Universidade de Vigo	17 de maio de 2017
Modificación do plan de estudos da titulación de Grao en Ciencias do Mar	Resolución 21 de outubro de 2019, DOG 26, pax. 46947 de 29 de outubro de 2019
Acreditación da Titulación de Grao en Ciencias do Mar pola Universidade de Vigo.	8 de xaneiro de 2023

Diagnose da situación do centro e as titulacións

Dimensión Interna

Debilidades

1. Taxa de adecuación baixa, debida a que unha parte importante do alumnado que solicita a matrícula na titulación de Grao en primeira opción, non consegue acceder a esta.
2. El alumnado que se matricula na titulación de Grao normalmente ten un perfil moi xeneralista e non é o que obtivo as mellores notas de acceso.
3. Problemas de coordinación docente, horarios, etc., xerando sobrecarga de traballo ao alumnado nalgúns momentos do curso e/ou con algunhas materias.
4. Limitación de espazos docentes. Procurar una redución no número de estudantes nos grupos de prácticas e seminarios.
5. O número de persoal do PAS e baixo, a pesar das reclamacións da Administradora de Centro.
6. É necesaria unha maior proxección da empregabilidade das titulacións de Grao e mestrado.
7. Proxección a nivel social da Facultade para darlle unha maior visibilidade as súas titulacións, tanto na Universidade como no exterior.
8. Os empregadores botan en falta nos egresados a capacidade de sínteses, elaboración de informes, presentacións públicas e defensa.
9. Taxas de rendemento baixas na titulación de Grao, lo que provoca que a súa taxa de graduación tamén o sexa.
10. Adecuación dos obxectivos de TFG ás indicacións del Real Decreto.
11. A excesiva carga burocrática nos trámites docentes e de investigación, xunto cunha menor financiación en investigación, provoca una diminución na proporción de sexenios conseguidos fronte aos potenciais.
12. Mellora da formación en normativas de xestión.
13. Escasa relación co mundo industrial/empresarial do ámbito mariño e marítimo para dar un maior enfoque profesionalizante ás titulacións da Facultade.
14. A comisión de calidade debe de asumir un maior liderazgo e involucrar ao resto del centro.
15. El sistema de xestión de calidade debe concluir a súa implantación definitiva na súa versión simplificada.
16. O plan de mellora ten que seguir o que establece la guía oficial para o seguimento das titulacións, asociando accións concretas, responsables, indicación dos avances, etc. Estas accións deben ser organizadas e priorizadas no tempo.
17. Potenciar la participación en enquisas, dedicando tempo lectivo para a realización destas.
19. Completar as guías docentes con traballo practico y no solo os contidos teóricos.
20. O estudantado no ten unha boa valoración do PAT.
21. Seguimento de egresados e empregadores. Establecer sistemas de seguimento

22. Aumentar a estabilidade laboral do profesorado del Centro.

Fortalezas

1. As titulacións de Grao en Ciencias do Mar e Mestrado en Oceanografía manteñen o interese dende o punto de vista docente e científico.
2. As titulacións de Grao en Ciencias do Mar e Mestrado en Oceanografía están directamente relacionadas cos sectores estratéxicos.
3. Persoal docente cualificado, cunha porcentaxe moi alta coa titulación de doutor, e un número elevado de persoal científico en formación impartindo maioritariamente docencia práctica.
4. Alta valoración do profesorado nas enquisas de satisfacción docente.
5. PAS cunha boa preparación para o desempeño das súas funcións e ben valorado polo alumnado do Centro nas enquisas de satisfacción.
6. Grupos de investigación de referencia competitivos que reciben axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas da Xunta de Galicia.
7. A Universidade dispoñe dun Centro de Investigacións Mariñas (CIM) del que forma parte a práctica totalidade do profesorado e estudantes de doutoramento da Facultade.
8. Existe un moi bo ambiente de traballo na Facultade en todos os seus estamentos.
9. A información pública sobre o centro e as súas titulacións é completa e de fácil acceso.
10. Alta taxa de preferencia na titulación de Grao.
11. Unha porcentaxe importante do alumnado procede doutras comunidades autónomas.
12. Recursos materiais adecuados para a docencia.
13. La Universidade de Vigo lidera o Campus de Excelencia Internacional "Campus do Mar". Este feito favorece que a Facultade de Ciencias do Mar teña unha posición preferente dentro dea Universidade.
14. Instalacións docentes (aulas, seminarios e laboratorios) de calidade.
15. Acceso a embarcacións de investigación oceanográfica para a investigación e a docencia.
16. A materia de prácticas externas está moi ben valorada tanto polos empregadores como polo alumnado.
17. Os empregadores valoran positivamente a capacidade de adaptación e versatilidade dos egresados.

Contorna externa

Ameazas

1. Aparecen novas Titulacións de Grao en Ciencias do Mar noutras Universidades doutras comunidades autónomas.
2. Oferta moi variada de cursos de mestrado, polo que a taxa de continuidade é baixa.
3. Baixa preparación do alumnado entrante para o estudo das Ciencias na Universidade.
4. A maioría do persoal docente ten unha media de idade entre los 55 y 65 años e poucas opcións de renovación de persoal nos Departamentos.
5. Descenso da poboación obxectivo para cursar estudos Universitarios.
6. Aumento da oferta de prazas de formación profesional.

Oportunidades

1. O traslado da Facultade á antiga ETEA permite a súa ubicación ao pe de mar, xunto có IIM-CSIC e a UTM, na chamada "Cidade do Mar".
2. O novo edificio da Facultade na antiga ETEA permitirá desenvolver métodos innovadores de docencia integrada, tanto teórica como práctica.
3. O emprego das TIC para a mellora das actividades docentes, de investigación e de xestión.
4. Existencia na contorna dun bo número de institucións e empresas que desenvolven a súa labor no ámbito mariño e marítimo.
5. Posibilidade de ofertar un dobre grado con titulacións existentes no campus ou con titulacións propias.

Misión, Visión e Liñas estratéxicas

Misión:

Formación de titulados universitarios: A nosa misión primordial é formar Titulados Universitarios na Rama de Coñecemento de Ciencias da Terra, con coñecementos actualizados, capacidades autónomas de aprendizaxe e plena competencia para desenvolver a súa profesión no marco das estratexias do Crecemento Azul.

Xeración e transferencia de coñecemento: Potenciamos a transferencia de coñecemento e innovación no ámbito das Ciencias Mariñas, así como a investigación e divulgación dos seus resultados para contribuír ao Crecemento Azul. Aproveitamos os recursos como el coñecemento científico e tecnolóxico; instalacións e equipamento e a experiencia do equipo docente e investigador.

Demandas sociais e empresariais: Nos comprometemos a responder as demandas sociais e empresariais tanto da Comunidade Autónoma de Galicia como do resto do país. Contribuímos ao benestar social e económico das persoas, especialmente no ámbito do Crecemento Azul.

Espazo Europeo de Educación Superior: Aspiramos a ser un referente universitario na calidade e na mellora continua das súas actividades, adaptándose ás esixencias que reclama a integración no Espazo Europeo de Educación Superior. Para iso, a Facultade de Ciencias do Mar oferta estudos de grao e posgrao relacionados co estudo dos mares e océanos. A partir de 2009, a Facultade de Ciencias do Mar oferta os estudos de Graduado ou Graduada en Ciencias do Mar e, desde o ano 2015, o Mestrado Universitario en Oceanografía pola UCA, ULPGC e UVigo.

Visión:

Mellora continua: Nos proxectamos como unha referencia na Universidade de Vigo, potenciando a súa posición no mundo universitario mediante una política e obxectivos dirixidos a potenciar la cultura de mellora continua e a aposta por la calidade das súas titulacións.

Investigación – coñecemento - formación: Fomentamos o espírito de investigación para contribuír ao avance científico e tecnolóxico. A transmisión do devandito coñecemento á sociedade e a formación de novos investigadores será o noso mellor distintivo.

Garantía de calidade: Implantamos uns criterios de Calidade como un factor estratéxico para asegurar que as competencias, habilidades e aptitudes dos/das nosos egresados/as sexan recoñecidas polas empresas, organismos e centros de contratación, así como pola sociedade en

xeral. Para iso, o noso Sistema de Garantía Interno de Calidade orienta os seus esforzos cara á obtención da satisfacción de todos os grupos de interese e comprométese a utilizar todos os recursos humanos e materiais dispoñibles para a mellora da oferta educativa e con iso, a mellora dos resultados da formación.

Liñas estratéxicas: A Facultade de Ciencia do Mar establece unhas liñas estratéxicas a partir dos obxectivos estratéxicos da Universidade de Vigo e que permiten a súa proxección cara o futuro.:

<i>Eixos estratéxicos</i>	<i>Obxectivo estratéxico institucional</i>	<i>Liña estratéxica do centro</i>	<i>Obxectivos de Calidade do centro</i>
<i>Formación</i>	Obxectivo 1. Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna	Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, en consonancia coa demanda da contorna, e sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade.	Manter as acreditacións das titulacións pola Facultade cos criterios de calidade establecidos..
			Obter a acreditación do sistema de Calidade na Facultade de Ciencias do Mar.
		Desenvolver unha actividade académica e formativa ligada ás necesidades e expectativas da sociedade para consolidar altos niveis de calidade nas titulacións sen renunciar aos fins da Universidade de Vigo.	Grao e Mestrado: Cumprimento dos indicadores sobre resultados académicos mais relevantes e aplicar as medidas oportunas para mantelos baixo limiares apropiados.
			Grao e Mestrado: Mellora da orientación profesional dos estudos de Grao en Ciencias do Mar cara á empregabilidade.
Obxectivo 2. Desenvolver programas formativos conxuntos coas empresas e coas institucións que melloren a empregabilidade do estudantado	Reforzar e fomentar as prácticas externas, así como a realización de TFG e TFM en empresas, para mellorar a conexión coa sociedade.	Grao e Mestrado: Desenvolvemento de accións de orientación académica para a divulgación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible que forman parte da Axenda 2030 nas que estean involucradas as Ciencias do Mar.	
		Grao: A titulación dispoñe dunha oferta ampla de prácticas externas curriculares e extra curriculares, mantendo unha boa valoración polas empresas das capacidades e competencias do alumnado, e con un bo grao de satisfacción no alumnado polas prácticas recibidas.	

			Implantación dun regulamento para a realización de TFG y TFMs en institucións e empresas.
	Ampliar e promover as accións orientadas ao emprego e ao emprendemento.		Grao e Mestrado: Manter una oferta continuada ao longo do curso de talleres de orientación ao emprego.
			Participación da Facultade nas redes sociais de emprego como foro de contacto entre alumnado e egresados/as.
			Participación en feiras de emprego e programas de buscar talento organizados polas empresas.
Obxectivo 4. Potenciar o recoñecemento dunha actividade docente de calidade e establecer mecanismos de innovación docente e de mellora continua na formación do profesorado	Potenciar a participación do profesorado en programas de formación de competencias e de capacidades transversais, con especial énfase no ámbito das metodoloxías educativas, da pedagogía e do uso de recursos dixitais.		Fomentar a participación do profesorado nos programas de formación.
	Fomentar a cultura da calidade no marco da docencia e da avaliación do estudiantado.		Grao e Mestrado: Realizar unha planificación e desenvolvemento da titulación de calidade, xestionando de forma efectiva os programas formativos.

	Obxectivo 5. Impulsar a internacionalización e a multiculturalidade	Fomentar a atracción internacional do estudiantado, do PDI e do PAS, e tamén a súa mobilidade con programas de intercambio e con estadias internacionais.	Grao: Manter, nos distintos programas de mobilidade, un número igual o superior a 2 profesores/as, igual o superior a 25 alumnos/as saíntes e igual o superior a 9 alumnos/as entrantes. Mestrado: manter un número igual o superior a 1 profesores/as participando nos distintos programas de mobilidade. 1 alumno entrante.
		Potenciar o uso do inglés e do galego na docencia e na páxina web da Facultade.	Todas as guías docentes das titulacións da facultade deben estar cubertas en castelán, galego e inglés, e con o distintivo "english friendly". Una versión da páxina web da facultade debe estar actualizada en inglés.
	Obxectivo 28. Contribuír á transformación dixital da universidade	Promover o emprego das TIC polo profesorado nas súas metodoloxías docentes.	Todo o profesorado das titulacións da facultade fará uso das tecnoloxías dixitais.
			Participación de profesorado en programas de formación sobre competencias dixitais.
<i>Investigación</i>	Obxectivo 20. Potenciar o recoñecemento dunha actividade investigadora de calidade	Compatibilizar as obrigacións docentes do PDI da Facultade coa súa actividade investigadora.	A porcentaxe de sexenios conseguidos polo profesorado de grao e de mestrado debe ser superior ao 75%.
			O profesorado coordinador de materia pertencentes aos módulos "Coñecemento e técnicas transversais" e "Profesional" da titulación de Grao en Ciencias do Mar é persoal investigador no Centro de Investigacións Mariñas da Universidade (CIM) da UVigo.
<i>Persoas</i>	Obxectivo 24. Coidar o desenvolvemento persoal e	Facilitar medidas que favorezan a conciliación entre a vida laboral, familiar e formativa	Grao e Mestrado: Deseño de horarios de docencia respectuosos coa conciliación entre a vida laboral, familiar e formativa.

	profesional da comunidade universitaria	Facilitar o desenvolvemento profesional do profesorado da Facultade.	Incentivar ao profesorado a presentarse á avaliación polo programa DOCENTIA (quinquenal).
	<p>Obxectivo 26. Captar estudiantado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria</p>	Adaptar o perfil de ingreso do alumnado ao perfil requirido, captando un volume de estudiantado con talento e axustado a la oferta de prazas.	<p>Grao: O alumnado matriculado de novo ingreso por preinscrición debe ser de 70 ± 5. Un 75% do alumnado debe acceder á titulación de Grao co título de Bacharel e probas de acceso a universidade. Nota mínima de acceso igual ou superior 6,0 puntos, e nota media de acceso igual o superior a 7,7 puntos. Taxa de adecuación igual o superior ao 65%.</p> <p>Mestrado O alumnado matriculado de novo ingreso por preinscrición debe ser igual o superior a 12. A nota media de acceso igual o superior a 7,2 puntos.</p>
Fomentar a implicación do alumnado no esforzo de superación das materias, a participación nas actividades organizadas no centro e representación nos órganos colexiados, co fin de obter o máximo rendemento académico e persoal.		Implantar accións para a participación do alumnado en titorías personalizadas e no programa PAT-PIUNE.	
		Implantar accións que promocionen a participación do alumnado en actividades organizadas na Facultade e para conseguir a máxima representación do alumnado nos órganos colexiados.	

	Obxectivo 29. Fomentar as actividades da vida universitaria e o asociacionismo	Manter unha boa canle de comunicación entre a Facultade e a delegación de alumnos, así como outras asociacións estudiantís para integralas na participación das actividades da Facultade.	Grao e Mestrado: A Facultade actuará como enlace entre o Servizo de Extensión Universitaria e a Delegación de Alumnos e outras asociacións estudiantís para a promoción de actividades extra académicas.
Organización e recursos	Obxectivo 11. Mellorar e xestionar de forma eficiente e sostible as infraestruturas universitarias	Optimizar a xestión e o uso dos espazos docentes e de investigación.	Grao e Mestrado: Deseño de horarios de docencia que permitan a optimización dos espazos docentes e de investigación. Grao: Redución do número de alumnado na docencia nos grupos A, B e C.
	Obxectivo 13. Establecer un modelo de goberno e de xestión da universidade baseado na transparencia, no comportamento ético con atención ás singularidades e á responsabilidade social universitaria	Desenvolver mecanismos de transparencia e de bo goberno, de comportamento ético e de seguimento da actividade universitaria.	Garantir a máxima participación dos grupos de interese nos órganos colexiados. A Comisión de Calidade debe asumir un maior liderado e involucrar ao resto do Centro. Difusión de toda a información referente á Facultade (convocatorias de reunións dos órganos colexiados, actas de reunións, e outras informacións) a través da subida de documentos á páxina web da facultade e/ou por outros medios electrónicos.
	Obxectivo 6. Mellorar a imaxe interna e o posicionamento nacional e internacional da Universidade de Vigo.	Mellora de proxección a nivel social das titulacións organizadas tanto dentro como fora da Universidade.	Grao e Mestrado: Participación en actividades de difusión da oferta académica e das súas posibilidades, con especial énfase na captación de estudantes.
Relación coa sociedade			

		Programa MEET: titorización do estudiantado de ingreso a través do programa mentoring, con especial atención ao de primeiro curso. Definir as bases para o programa de titorización.	Grao: Participación do alumnado no programa de mentorización.
		Amosar perfís destacados das persoas egresadas para fomentar a súa visibilidade.	Organización de xornadas sobre saídas profesionais, onde alumnado egresado expoñe a súa experiencia profesional ao alumnado de Grao e Mestrado.

Metodoloxía de elaboración e tramitación do programa

- 1.- Recollida de información ao longo do curso 2022-23 a partir dos Informes de Revisión da Dirección e o Autoinforme de renovación da acreditación da titulación de Grao en Ciencias de Mar.
- 2.- Aprobación da táboa de liñas e obxectivos estratéxicos do Centro. Comisión de Garantía de Calidade de 7 de novembro de 2023.
- 3.- Aprobación dos valores obxectivo nas titulacións (documento "Indicadores obxectivo CCMar.xlsx", Procedemento DE-02 Ind 05 Seguimento de Medición), para incluílas na elaboración do programa. Comisión de Garantía de Calidade de 7 de novembro de 2023.
- 4.- Diagnose da situación do centro e as súas titulacións (análise DAFO). Comisión de Garantía de Calidade de 4 de decembro de 2023.
- 5.- Aprobación de los documentos "R1 DE-01 programa de desenvolvemento estratéxico" e "Política e obxectivos de calidade". Comisión de Garantía de Calidad de 20 de decembro de 2023.